# Pancho

**Nome:** Juan Jesús Seoane Iglesias
**Data de nacemento:** 16/01/1967
**Lugar de nacemento:** Santiago de Compostela.

**HISTORIAL XOGADOR:**

Categorías inferiores infantil-cadete-xuvenil no Club Rayo de Viso, Rexional no mesmo club e despois en varios clubs de Santiago.



**HISTORIAL ADESTRADOR:**

Durante cinco anos no Club Deportivo Conxo, como axudante do adestrador de porteiros, así como adestrador das categorías de infantís e cadetes, e agora tamén na E.D. Xuventude de Oroso




Talleres Ceyper
Mecánica Chapa Pintura
Vía la Cierva, nº 1 - NAVE A3
C.P. 15890
Polígono del Tambre
Santiago de Compostela
Telfs. 981 588 326
649 656 844

JAVIER CASTRO. S.L.
CARPINTERÍA DE MADERA
FABRICACIÓN DE MUEBLES
Piñeiro, 9 - San Cristóbal
ENFESTA - 4 - C.P.15884 - Santiago de Compostela
Telf. 981 89 57 77 - Fax 981 89 58 32 - Móvil 669 37 79 30

# Eduardo

**Nome:** Eduardo García Chávez
**Data de nacemento:** 30/01/1973
**Lugar de nacemento:** La Habana (Cuba)

**Formación:**

Cursos de formación de fútbol:
Nivel 1. Título de instructor de fútbol.
Nivel 2. Título de adestrador rexional.

**HISTORIAL XOGADOR:**

Cruceiro do Sar anos 1988 – 1993 (Categorías Cadete, Xuvenil e Modestos.





**HISTORIAL ADESTRADOR:**

- Club Toxiño (Santiago) 1996 – 1997 Fútbol Sala, Categoría Infantil.
- Club Loida (Santiago) 1997 – 2002 Fútbol Sala , Categorías Infantil e Cadete.
- Club O Pino (O Pino) 2004 - 2007 Fútbol, Categoría Xuvenil.









## Alejandra



**Nome:** Alejandra del Río Grela
**Idade:** 15 anos
**Lugar nacemento:** Villarromariz (Oroso)

**Alejandra, a que idade comezaches a practicar fútbol e quen ou que che animou, a desprazar-te a Santiago para seguir xogando ?**
Empecei aos 7 anos, no patio do cole, e gustoume tanto que o meu pai inscribiume nas Escolas Deportivas Municipais e aí foi cando comecei a xogar. A tempada pasada non participei en ningunha liga, e boteino moito de menos, por iso quixen volver. Ademais presentóuseme a oportunidade de entrar no Cidade de Santiago e non quixen desperdiciala.

**Que opinas dos que pensan que o fútbol é só cousa de homes ?**
A min paréceme unha parvada á que non se lle debe facer caso, cada un que faga o deporte que lle gusta. Esas persoas non deberían ser para ninguén un impedimento á hora de practicar o deporte que lle gusta.





# Alejandra >>



**Poderías contar como é un día na vida dunha deportista coma ti?**
Un día da miña vida é totalmente normal, estou no instituto e a miña prioridade é aprobar, o fútbol non me quita tempo de estudar pola tarde nin de saír cos amigos, xa que os adestramentos son pola noite.

**Cal foi o teu maior éxito deportivo?**
Sen dúbida o de ser convocada coa selección galega sub 16. Pilloume moi de sorpresa e pasei moitos nervios en cada partido. Nunca imaxinei que formaría parte de algo así.



**Con que ánimos rematas esta tempada, tes decidido o que farás na seguinte ?**
Este ano foi un pouco de proba para min, é o meu primeiro ano en "fútbol campo" e supoño que o que intentei facer foi adaptarme. Teño moitas cousas que aprender aínda sobre este deporte, así que para a próxima tempada intentarei mellorar en todo o que poida e aprender moito das miñas compañeiras de equipo.






E.D. XUVENTUDE OROSO

# Álvaro Painceira



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**
Espero que aprenda valores como o compromiso, o traballo en equipo, a superación de retos individuais e colectivos, capacidade de superación de fracasos, interese polo deporte e o exercicio físico.

**Que consellos lle dá ao seu fillo, cando falan das competicións?**
Que non se renda nunca aínda que o contrario sexa netamente superior técnica e fisicamente. Que felicite aos integrantes do outro equipo tanto se vai gañando coma se non. Que obedeza e teña respecto polo adestrador aínda que non estea de acordo coas súas decisións. Que acate as decisións do árbitro e sexa educado cos xogadores do equipo contrario.

**Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?**
Valóroo  moi positivamente xa que grazas ao traballo desinteresado de todos os membros da xunta directiva, conseguiuse implicar tanto aos pais como aos seus fillos nun proxecto que vai beneficiar a toda a comunidade. Moito compromiso tanto de adestradores como delegados de equipo. Mención especial para o adestrador do meu fillo. (A verdade non sei como o aguanta)



## José Ramón Blanco



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**
Que lle achegue valores para a súa formación como persoa. Respecto cara aos compañeiros, adestradores e demais persoas. Así mesmo, que o deporte lle axude a manter unha vida saudable e ordenada de cara ao seu futuro.

**Que consellos lle dá ao seu fillo, cando falan das competicións?**
Falamos do importante que é loitar polo que nos gusta.

**Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?**
Valóroo moi positivamente, este traballo non sería posible se non houbese un gran esforzo por parte de todas as persoas que colaboran nesta escola. Pola parte que a nós nos toca só nos queda dar as grazas.

Bazar
Karma
JOYERIA - REGALOS - PORCELANA - LOZA - CRISTAL
Teléfono 981 69 10 30
Rúa do Mediodía, 1 • 15884 Sigüeiro (La Coruña)

## Javier Abeijón



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**
Para min o máis importante é que a escola deportiva sexa ante todo un instrumento socializador e integrador, que favoreza a interrelación dos meus fillos co resto dos rapaces da escola, e incluso de outros clubs. Tamén quero que o deporte sexa unha actividade que lle fomente valores positivos e lle induza hábitos saudables. O que coincide basicamente co que nos transmitiu o presidente da escola antes do comezo da tempada.

**Que consellos lle dá ao seu fillo, cando falan das competicións?**
Antes dos partidos tento non facerlles comentarios que poidan causarlles algún tipo de presión ou que os coaccione durante o xogo, son nenos e un consello impropio pode afectarlles negativamente. Eu anímoos para que se divirtan xogando en equipo e aprendan, recoméndolles que xoguen con desenvoltura, sen nervios, aínda que isto último non o evito. Dígolles sempre que gañar ou perder é algo secundario.
Ás veces despois dos partidos comentamos algunha xogada ou incidente, pero intento non valorar habilidades, máis ben limítome a analizar con eles comportamentos inadecuados para que intenten corrixilos.
Sorpréndeme ver como as competicións lles axudan, principalmente aos máis pequenos, a habituarse a asumir esforzos e decisións, e tamén a aprender normas importantes como o respecto polo adversario, o cumprimento das regras do xogo e o respecto aos xuíces.

**Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?**
A valoración que fago deste primeiro ano e moi positiva. A responsabilidade e a capacitación que os adestradores e directivos teñen demostrado día a día, son a causa fundamental da plena satisfacción que vexo nos rapaces, e tamén na maioría dos pais. Penso que non é nada fácil a tarefa educativa que teñen asumida os adestradores, pero realmente están demostrando unha gran mestría, o que nos dá confianza aos pais.
Tamén considero que nós, os pais, temos un papel relevante na escola, debemos facilitar e respectar o traballo dos adestradores e directivos, e incluso apoiar e/ou recoñecer o seu traballo cando corresponda. E tamén, claro está, comentar con eles os aspectos ou as dúbidas que consideremos, pero sempre desde o respecto, e sen esquecer nunca o servizo que lles prestan aos nosos fillos e a sociedade.

## María José Martínez Vilar



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**
Ademais de facer deporte, que é moi bo para o seu desenvolvemento, esperamos que lle axude a formarse como persoa, a valorar o compañeirismo, a disciplina, aprender a gañar, a perder e algo fundamental como é o respecto cara aos demais.

**Que consellos lle da ao seu fillo, cando falan das competicións?**
Que sexa un bo compañeiro no campo, respectando ao adestrador, aos compañeiros, ao árbitro e aos rivais. Que loite co seu equipo para intentar conseguir bos resultados e que o pase ben practicando o seu deporte favorito.

**Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?**
Penso que a creación desta Escola foi un acerto, xa que así os nenos non teñen que desprazarse para facer deporte e ademais fano cos seus amigos.

En canto ao traballo feito, aínda que supoñemos, que como todo, sempre se pode mellorar, hai que valorar e agradecer aos directivos e colaboradores, o traballo e tempo que desinteresadamente, dedican a que esta Escola siga adiante.




## José Angel Raña Caamaño



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**

Unha mellora nos seus conceptos de responsabilidade, compromiso, compañeirismo e alicientes para medrar día a día na súa formación como persoa e deportista, pois a escola estalle a dar a posibilidade de formar parte dun grupo de rapaces da súa idade cos que compartir afeccións e experiencias.

**Que consellos lle dá ao seu fillo, cando falan das competicións?**

En primeiro lugar que trate de gozar e divertirse co deporte que esta a facer. Que entenda que nos deportes de equipo o éxito e o fracaso é sempre do grupo non debendo individualizar en ninguén ese éxito ou fracaso. E xa por último, que sempre se debe respectar aos contrarios, e que ten tanta importancia saber gañar como saber perder.

**Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?**

Valóroo de forma moi positiva a pesar de que nalgún intre pareceu que se estaba a buscar máis a consecución de resultados que a consolidación do grupo. Non obstante, tamén entendo que unha forma de incentivar e premiar o traballo e o esforzo dos rapaces, é a de que saiban que poden ser chamados polos adestradores da categoría superior en calquera momento.



## Luis M. Cotrofe Valeiro



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**
Experiencias que reforcen os seus conceptos de compañeirismo, compromiso e sacrificio, xa que lle serán moi útiles na súa faceta persoal para o futuro.

**Que consellos lle dá ao seu fillo, cando falan das competicións?**
Que comprenda que o triunfo non consiste en gañar, se non en facelo o mellor posible. Que teña respecto cara ás normas e os demais participantes da competición.

**Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?**
Formidable. As persoas que o levan a cabo merecen toda a miña admiración. Considero que non se valora o suficiente o que fan polos nosos fillos. En ocasións "o egoísmo de pai" impídenos ser obxectivos co interese colectivo ou esquecemos que non son profesionais nin viven disto.

CAFÉ BAR LATINO
LATINO
cafébar

CAFETERÍA
VDA. DE NOUCHE

## Mª Pilar Tobio Mirás



**Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?**
Espero que chegue á máxima categoría e chegue a xogar, como mínimo  como seu adestrador.

**Que consellos lle dá ao seu fillo, cando falan das competiciósn?**
Dígolle que o importante é competir.

**Como valora o traballo feito polos monitores?**
Eu persoalmente estou moi contenta, porque o meu fillo vai encantado a  adestrar, e iso é porque se sente a gusto cos adestradores e o compañeirismo que hai entre os nenos.

® SIGÜEIRO
FASHION
IT'S TIME TO

Bar O Sigüeiro
Avda. Compostela, 26 ☎ 981 691 357
SIGÜEIRO
El mejor café

# Rodrigo Painceira Cabello



**Por que xogas neste club ?**
Porque o fútbol é unha afección que teño desde pequeno e practico no tempo que teño libre.

**Considéraste bo compañeiro ?**
Eu creo que son bastante bo compañeiro, aínda que non sei que pensan os demais.

**Cal é o teu club e teu ídolo ?**
O meu club favorito é o Real Madrid e aínda que pareza mentira, o meu xogador favorito e Leo Messi que xoga no Barcelona.

**Que opinas do teu monitor ?**
Creo que e moi bo adestrador e que toma sabias decisións.

**Queres comentarnos algo máis ?**
Gustaríame seguir xogando neste club e cos meus compañeiros moitos anos máis, xa que creo que nos tratan moi ben e se preocupan por nós.





# Iván Blanco López



**Por que xogas neste club?**
Porque me gusta o deporte e o fútbol maioritariamente. Que nacera este club, foi para min unha oportunidade para incorporarme ao gran mundo do fútbol.

**Considéraste bo compañeiro ?**
Creo que iso teñen que dicilo os meus compañeiros, pero se non o son intento selo. Eu estou a dálo todo tanto no ámbito dos partidos, coma nos adestramentos e respecto aos demais como me gustaría que me respectasen a min.

**Cal é o teu club e teu ídolo ?**
O meu club é o Real Madrid e o meu ídolo, non teño, so podo dicir que xogador me gusta ou me fascina pola súa forma de xogar, ese é Cannavaro. Creo que atrás, na defensa, é un xogador que pode dar máis de si pero aínda así está a facer unha boa tempada, e gustaríame que quedase no Madrid.

**Que opinas do teu monitor ?**
Creo que dende o punto de vista da ensinanza e de técnica, considero como un dos mellores, e dende a actitude creo que o dá todo por nós, se segue seguirao dando ata o final por experiencia propia. A min gústame que me corrixan, que me expliquen como facelo e creo que el o fai moi ben.

**Queres comentarnos algo máis ?**
Só desexo, que a Escola siga adiante con este proxecto cara ao futuro e que melloren as instalacións, aínda que xa melloraron moito.





FOLK
Cerveza-Bier-Beer-Cerveja
Estrella Galicia

E.D. XUVENTUDE OROSO

# Adrián Botana Lata



**Por que xogas neste club ?**
Porque foi o club onde empecei a xogar. Estou moi contento cos meus compañeiros e con todos os que compoñen esta Escola. Ademais aproveito tamén, para facer un pouco de exercicio.

**Considéraste bo compañeiro ?**
Si porque ata o de agora, nunca tiven ningún problema cos meus compañeiros, nin con ninguén e xa levo tres anos, supoño que por algo será.

**Cal é o teu club e teu ídolo ?**
O meu club é o Deportivo da Coruña e non teño ningún ídolo especial.

**Que opinas do teu monitor ?**
É unha boa persoa, porque cando estamos lesionados preocupase por nós, e tamén nos dá moitos ánimos. Adestrando parece ser que é bo, fixo un bo traballo e grazas a el quedamos segundos na liga.

**Queres comentarnos algo máis ?**
Que para o ano ou dentro de dous, o club debería facer un equipo de modestos, para os que vaian acabando en xuvenil e queiran seguir xogando ao fútbol, deste xeito non terán que marchar para outro lado.






## Manuel Rivera Costa



**Por que xogas neste club ?**
Porque teño aos meus amigo aquí e quédame moi preto da casa.

**Considéraste bo compañeiro?**
Máis ou menos penso que si.

**Cal é o teu club e teu ídolo ?**
O Real Madrid e o ídolo Raúl.

**Que opinas do teu monitor?**
Que é bastante bo pero fainos correr moito.

**Queres comentarnos algo máis?**
Non.

## Andrés González Balado



**Por qué xogas neste club?**
Porque me gusta xogar ao fútbol

**Considéraste bo compañeiro?**
Penso que si.

**Cal é o teu club e teu ídolo?**
O Barcelona e Messi.

**Que opinas do teu monitor?**
Que nos adestra ben.

**Queres comentarnos algo máis?**
Que estou contento neste equipo xogando cos meus amigos.

boqueteseguros

Allianz

Pontepedra,11
15683 TORDOIA

Telf. 981 690 013
Fax: 981 690 462

## Alberto Vieites Cores



**Por que xogas neste club?**
Porque me gusta xogar ao fútbol e porque a maioría dos meus amigos están nesta Escola Deportiva.

**Considéraste bo compañeiro?**
Penso que si, pero isto teñen que dicilo os meus compañeiros.

**Cal é o teu club e o teu ídolo?**
Gústame o F.C. Barcelona, aínda que tamén me gusta o Manchester e por suposto, o R.C. Deportivo. O meu xogador preferido é Cristiano Ronaldo.

**Que opinas do teu monitor?**
Samuel é un adestrador xenial, é moi simpático, pero tamén esixente e algunhas veces berra con nós porque non facemos ben as cousas. Tamén está Adrián, que tamén é moi simpático.

**Queres comentarnos algo máis?**
Soamente dicir que espero xogar moito tempo na Escola Deportiva xuventude Oroso, e lograr algunha liga ou algunha copa nalgunha categoría, como xa fixo meu irmán Juan Jesús, xogando en infantís que gañou unha liga.



JARDINERÍA PENA

Mantenimiento de Parques y Jardines
Riegos por Aspersión
Plantas Ornamentales
Mantenimiento de Piscinas

Carballiños, nº 6 - tel 616 635 904 - Sigüeiro (A Coruña)



ADEGA O RIBEIRO

Telf. 689 681 469
Rúa Lengüelle, 17 - Sigüeiro - Oroso

## Alejandro Liste Matínez



**Por que xogas neste club?**
Porque me gusta estar cos meus amigos e aprender a xogar ao fútbol

**Considéraste bo compañeiro?**
Penso que si, aínda que son algo rabudo

**Cal é o teu club e teu ídolo?**
Club Real Madrid e ídolo Cesc Fabregas

**Que opinas do teus monitores?**
Gústame porque con el aprendemos moito

**Queres comentarnos algo máis?**
Non

## Eduardo Quintela Paz



**Por que xogas neste club?**
Porque é o que me queda máis próximo.

**Considéraste bo compañeiro?**
Non o sei.

**Cal é o teu club e teu ídolo?**
O meu club é o Xuventude de Oroso e non teño ídolo.

**Que opinas do teus monitores?**
Que son bos e os mellores.

**Queres comentarnos algo máis ?**
Si, que teño moi bos compañeiros.

TECNOMECANICA
FIAÑO, S.L.
CENTRAL: Cta. Coruña - Santiago N-550, Km. 9 - 15180 ALVEDRO - CULLEREDO - La Coruña
Telf. 981 66 05 33 Fax 981 66 04 23
DELEGACION: Vía Galileo, 8 - Pol. El Tambre - 15890 SANTIAGO - Telf. y Fax 981 55 76 81
E-MAIL: administracion@tecfiano.e.telefonica.net

# Silvia Álvarez Mosquera



**Por que xogas neste Club?**
Porque teño moitos amigos, e coñecín máis persoas.

**Considéraste bo compañeiro?**
Si, porque me tratan moi ben.

**Cal é o teu club e teu ídolo?**
A escola deportiva Xuventude Oroso e Valeri Malov.

**Que opinas dos teus monitores?**
Que nos ensinan moitas cousas como o "topspin", que nos corrixe se facemos algo mal.

**Queres comentarnos algo máis?**
Si, que teño moita sorte, porque nesta escola, practicamos deporte e aprendemos a ser educados.





## Rodrigo Montero Fernández



**Por que xogas neste club?**
Xogo aquí porque é o que creo que ten mellores adestradores e maior diversificación dos que hai na zona.

**Considéraste bo compañeiro?**
Si, todos podemos facer algunha broma, pero aparte diso creo que son un bo compañeiro.

**Cal é o teu club e teu ídolo?**
O meu club este, e o meu ídolo non sei, creo que non teño.

**Que opinas do teus monitores?**
Os meus monitores son unha xente que intentan transmitir o máximo de coñecementos, e ademais disto, son moi boas persoas.

**Queres comentarnos algo máis?**
So, bótase en falta un local no que poder adestrar e xogar sen andar quitando e montando as mesas de tenis de mesa.


maquinaria agricola
CASALONGA S.L.



CASALONGA, 10
15866 TEO - Coruña
Teléfono 981 548 732

EUROCONSTRUCCIONES
166 S.L.



Eirapedriña, s/n
15866 AMES - A CORUÑA
Telf: 981 884 469

# Reportaxe fotográfico



CONCELLO DE
OROSO





E.D. XUVENTUDE OROSO



**Eloy** e **Fran**, campionato provincial



Campionato escolar en Touro




**Edu** no torneo zonal en Narón






E.D. XUVENTUDE OROSO

# Reportaxe fotográfico



Adestradores e nenos no campionato de España 2007



Último encontro da liga, onde o xuventude queda campión de liga e consigue o ascenso



Selección Malaqueña e ED Xuventude de Oroso



Intercambio de recordos ca Selección Malagueña



Torneo intercambio ca Selección Malagueña



Intercambio de recordos entre capitáns


Stand na XII Festa da Troita de Oroso


Algúns dos trofeos do Xuventude expostos no stand da XII Festa da Troita


Equipacións expostas no stand


Equipo Alevín no Torneo Arousa Cup de Vilagarcía


Equipo do Xuventude na súa chegada a Málaga para xogar un torneo frente a Selección de Málaga



# Reportaxe fotográfico



Entrega de recordos na comida fin de tempada 2007



Entrega de trofeo **Campión de Liga 2006, equipo alevín.**



Entrega de trofeo **Campón de Liga 2006, equipo infantil**



Adestramento dos benxamíns





E.D. XUVENTUDE OROSO





Adestramento dos equipos alevíns





Adestramento dos equipos infantís



Adestramento dos cadetes



Encontro do equipo xuvenil

# Reportaxe fotográfico



Adestramento no pavillón



Liga 2ª División Nacional Feminina



**Edu, TOP-10 nacional,** Maio 2008




Final Campionato Galego Benxamín 2007



CONCELLO DE OROSO

# O saber dicir non, tamén educa



Un dos grandes pensadores da era moderna na historia da humanidade, Jean "Jacques Rousseau", chegou a dicir nunha das súas célebres citas algo así como que "un bo pai vale por cen mestres". E precisamente esta acertada frase podería resumir en gran medida unha parte importante do presente artigo, que unha vez máis, os editores da revista confían no que subscribe e que humildemente non podo máis que agradecerlles a súa deferencia.

A cousa vén a colación dos feitos que ultimamente se veñen acontecendo no contorno da capital do noso municipio. Feitos directamente relacionados con actitudes e comportamentos que din pouco das virtudes dalgúns dos mozos e adolescentes que pululan pola veciñanza, pero que por outra beira din moito sobre as carencias que lles afectan. Que os rapaces se dediquen a causar estragos no mobiliario urbano, nas instalacións deportivas ou outras de uso público e que enriba se mofen de facelo, indica que algo non está funcionando ben. E honradamente, permítanme que non me suba ao carro dos tópicos e das frases tan sobadas no sentido de que "é a sociedade que nos toca vivir, son os tempos, a mocidade de hoxe é así, é o que aprenden nos colexios ".

Non, rotundamente non, o problema de base está na casa, na familia e os comportamentos no contorno familiar. Ou os mozos de hoxe están afectados por un virus descoñecido para o que os pais non coñecemos unha vacina axeitada, ou aos pais nos vén grande a tarefa de educar. E sinceramente, eu quédome coa segunda opción. Os pais non podemos ser os amigos dos nosos fillos, simplemente porque os nosos herdeiros xamais nos contarían cousas que son capaces de contar a outro igual ao que acaban de coñecer fai tres días. Unhas persoas que actúan así, non son os nosos amigos, son por moi duro que pareza, os nosos fillos. Pero precisamente, esta forma de proceder, non os fai peores nin mellores, é algo normal. Algo que debería facernos reflexionar e concluír que irremediablemente somos os seus pais e como tales, debemos interpretar noso rol.

Educar aos nosos mozos, é formar en valores, poñer en alza virtudes e actitudes que os convertan en persoas libres de conciencia pero ao tempo socialmente útiles. Elementos indispensables para facelos parte integrante

e integradora dunha sociedade na que se recoñezan e á que se sentan arraigados, empezando claro está polo máis próximo, o barrio, os veciños, os seus compañeiros de colexio, de instituto, de xogos, etc. O respecto, que non o medo, o sentido crítico, que non a prepotencia, a tolerancia, que non a indiferencia, a competencia, que non o desprezo polo alleo, a prudencia, que non a covardía, creo sinceramente que teñen que ser algunhas das ferramentas básicas que debemos ter os pais no noso manual sobre educación.

Os mozos están buscando constantemente o seu espacio e somos os seus maiores os que debemos procurárllelo na medida do posible, pero xustamente con iso, cunhas medidas ben definidas e acoutadas, un non maiúsculo e rotundo, tamén educa segundo en que circunstancias e, aínda que nos pareza o contrario, os nosos fillos en ocasións, o único que están demandando aos seus proxenitores é ese NON argumentado que marca e define un espacio, unha norma de conducta. Eles interpretarano na maioría das ocasións non como un simple acto de prohibición, senón como unha actitude de preocupación pola súa educación e disciplina diante das circunstancias que lles afectan. Se isto discorre desa maneira nas súas casas, estimados lectores, parabéns, valen vostedes máis que cen mestres.

*Xavier Seoane*
PAI E XORNALISTA

